



Concello de Vilalba

ACTA DO XURADO DO CERTAME DE MICRORRELATOS DÍA DO LIBRO 2023

Na Casa Consistorial, sendo as 12:30 horas do día 11 de maio de 2023, baixo a presidencia de Antía Rama Rivas, Concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, en substitución de Vanesa Rut Siso Calvo, Concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade, e actuando como secretaria a técnica de cultura M^a Sonia García Paredes, constitúese o xurado de valoración do "Certame de Microrrelatos Día do Libro 2023" do que ademais, forman parte :

_ **Cecilia Fernández Santomé**, doutora en Teoría Literaria e escritora galega.

_ **Ánxela Gracián**, tradutora e escritora.

_ **Armando Requeixo**, escritor, profesor e crítico literario.

O xurado reúnese co obxecto de valorar os microrrelatos presentados ao abeiro das **Bases para o "Certame de Microrrelatos Día do Libro 2023"**, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 193 o día 4 de abril de 2023.

O Concello de Vilalba organiza un concurso de microrrelatos que ten como obxectivo conmemorar o Día do Libro 2023 e asemade fomentar na poboación o achegamento á lectura literaria.

Visto que da relación de Microrrelatos que se presentaron ao certame, dos 107 traballos presentados, 97 cumpren coas condicións requiridas nas bases **Certame de Microrrelatos Día do Libro 2023"**. A resultas desta comprobación, o xurado fai a correspondente proposta de concesión das axudas reguladas nestas Bases.

Unha vez vistas, e postas en común as valoracións dos membros do xurado, acordan establecer a seguinte orde de premiados tendo en conta o apartado quinto e sexto das bases:

CATEGORIA	Nº	NIF	Nome Do/a autor/a do Microrrelato	Título do Microrrelato	PSEUDÓNIMO	PREMIO
Infantil	1º	***440**J	Duarte Mariño Torrado	Historias da semente	Caramecha	diploma e lote de libros e material escolar
	2º	***513**X	Paula Pérez Cendán	Unha noite no Cemiterio	Regalicia	diploma e lote de libros.
	3º	***682**K	Arwen Fernández García	O Libro	Silencio	diploma e lote de libros.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Concello de Vilalba

CATEGORIA	Nº	NIF	Nome Do/a autora do Microrrelato	Título do Microrrelato	PSEUDÓNIMO	PREMIO
Xuvenil	1º	***753**G	Berta Comesaña Alonso	CIFRAS	Beco	diploma, lote de libros e portátil
	2º	***600**L	Noa Domínguez Moreda	Memorábel	Amencer	diploma e lote de libros.
	3º	***926**L	Óscar Linares González	O neno e a cidade	Dios	diploma e lote de libros.
Adulto	1º	***002**G	Raquel Fernández Fernández	A VACA	A BEDOIRA	300,00€
	2º	***512**B	M. Isabel Vázquez Rodríguez	Paralelas Diverxentes	TOURO	200,00€
	3º	***088**V	Enrique Manuel Neira Pereira	Naufraixio dobre	Pedro Ancorados	100,00€

Así pois, segundo os criterios anteriormente descritos, o xurado, por unanimidade, acorda levar á Xunta de Goberno Local a concesión dos premios arriba indicados. Rematada a sesión, sendo as 14:00 horas, e para que conste, asínase a presenta acta de conformidade.

Antía Rama Rivas

Armando Requeixo

Cecilia Fernández Santomé Ánxela Graclán

Mª Sonia García Paredes

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815